



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO NÚM. 12 DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 24 DE NOVEMBRO DE 2022

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

D^a María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Sambade Lloréns (Non adscrita)

D^o José Manuel Quintela Fernández (Non adscrito)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Maruxa Martínez Romaní (BNG)

Non asiste pero xustifica a súa ausencia, D^a María Xosé Alfonso Torres (Non adscrita).

SECRETARÍA XERAL

D. José Manuel Mayo Priegue

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as catorce horas, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, o secretario accidental do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A. Parte dispositiva

Primeiro. Aprobación da acta anterior núm. 10 do pleno ordinario do 27 de outubro de 2022





CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A señora alcaldesa, D^a María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta anterior núm. 10 do pleno ordinario do 27 de outubro de 2022 que se presenta para que o Pleno a aprobe, e non habendo observacións, apróbase a acta anterior núm. 10 do pleno ordinario do 27 de setembro de 2022 cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (4), dos concelleiros non adscritos (2) e do grupo municipal do BNG (2).

Segundo. Moción presentada polo grupo municipal socialista de apoio á ILP promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública

A señora alcaldesa sinala que a moción vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa que a continuación a le D^a Sandra Maneiro Pais:

“Moción do Grupo Municipal Socialista de apoio á ILP promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública

O Grupo Municipal Socialista de Muros desexa someter a consideración Pleno a seguinte MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Sanidade, leva anos recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada, que medra de maneira imparable. Paralelamente, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema de Atención Primaria.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria a poboación e crean listas de agarda inaceptables. Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade.

Todas as medidas recollidas na ILP promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia (dada a gravidade da situación da Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización) e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

As institucións locais, somos esenciais no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar cas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista de propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende que o Parlamento Galego, debata e aprobe unha serie de medidas:

Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.

Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes.

Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas





CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urxencias pechados durante os últimos anos.

Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.

Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.

Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.

Poñer en marcha o Concello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.

2. Colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade."

A señora alcaldesa dá paso á intervención da Sra. Lago que indica que dada a situación actual da sanidade galega cren que esta moción é tremendamente importante e sinala que xa o BNG xa forma parte da plataforma SOS.

A señora alcaldesa di que cren que a iniciativa parte de premisas erróneas xa que di que non houbo recortes económicos na sanidade pública nin aumento da sanidade privada e sinala que si existen dificultades de coberturas de médicos de familia que se dá en todo o país polo que non é un problema de quen goberna. As medidas tomadas polo goberno do estado demora estas coberturas e agravaron esta situación. É fundamental que se fagan reformas para formar a médicos de familia que piden sete gobernos autonómicos e dende a Xunta de Galicia fíxose un esforzo enorme para dotar prazas ademais de máis medidas que non contaron co apoio do PSOE e do BNG.

A Sra. González di que acaba de quedar pasmada coa intervención da señora alcaldesa negando evidencias tan grandes e en Muros si que está a pasar pois as baixas non se substitúen nunca e están ante un problema tan serio como é a sanidade española.

A Sra. Lago sinala que vai falar das prazas MIR para a medicina de familia quedan desertas todos os anos porque as condicións laborais son patéticas e atender setenta paciente cada cinco minutos e os cambios continuos de centros de saúde e danse nesta comunidade e noutras comunidades nas que goberna o PP e di que para ela son as prazas máis importantes da atención sanitaria.

A señora alcaldesa di que é unha pena que as medidas máxicas que achegan non solucionen nada na sanidade e di que é mellorable pero para iso hai que traballar.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (2) e do grupo municipal do BNG (2) e os votos en contra do grupo municipal popular (4), adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende que o Parlamento Galego, debata e aprobe unha serie de medidas:

Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.

Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes.





CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Acabar coa inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas

Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urxencias pechados durante os últimos anos.

Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.

Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.

Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.

Poñer en marcha o Concello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.

SEGUNDO. Colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade.

Terceiro. Aprobación da Declaración institucional con motivo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e sinala que foi presentada polo grupo popular e que inclúe unhas adicións tanto do PSOE coma do BNG:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia contra as mulleres e as nenas é unha das violacións máis xeneralizadas dos dereitos humanos no mundo, tal e como recoñece a ONU. É máis, esta organización internacional sinala que a violencia de xénero prodúcese cada día en todos os recunchos do planeta e ten graves consecuencias físicas, psicolóxicas e económicas sobre as mulleres e as nenas, tanto a curto como a longo prazo, ao impedirles participar plenamente e en pé de igualdade na sociedade.

En consecuencia, a súa loita debe ser integral e contar co conxunto da sociedade, especialmente, cos poderes públicos e administracións, sexan estas internacionais, nacionais, autonómicas e, por suposto, locais.

Neste sentido, Galicia é pioneira na promoción de políticas públicas e no impulso de instrumentos legais dirixidos a eliminar as distintas formas de discriminación por razóns de xénero, avanzar na supresión dos atrancos que impiden o pleno desenvolvemento das mulleres nas distintas esferas e combater as diferentes expresións e as novas formas que adopta a violencia de xénero.

Así, a nosa Comunidade Autónoma conta con instrumentos legislativos como a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, que, nos últimos tempos, está a avanzar no recoñecemento doutro tipo de violencias, como é a violencia vicaria e a violencia dixital, a que se sumará proximamente o recoñecemento expreso da explotación sexual como violencia de xénero, tal e como recolle o proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña aos orzamentos da Xunta de Galicia para 2023.

Ademais de leis, tamén se puxeron en marcha diferentes medidas e iniciativas, como o Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, que este 2022 vai pola súa oitava edición, ou o primeiro Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, aprobado o pasado mes de agosto e dirixido a proporcionar un marco de actuación que recolle de forma coordinada e





CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

global as liñas de intervención e directrices que deben orientar a actividade da Administración autonómica, dentro do seu marco competencial, para dar resposta ás situacións de trata con fins de explotación sexual.

Sen embargo, a pesar deste marco autonómico, non debemos esquecer que as entidades locais, como os concellos, son axentes de primeira liña na loita contra a violencia de xénero. Son en moitos casos axentes clave para identificar, atender e acompañar ás vítimas, derivándoas aos recursos especializados á súa disposición; así como de detectar e poñer en coñecemento das Forzas e Corpos de Seguridade estes casos de violencia de xénero para facer fronte ao agresor.

Por ese motivo, as Entidades Locais galegas desenvolven desde hai anos numerosas accións contra a violencia de xénero e veñen impulsando, con carácter permanente e de proximidade, distintas actuacións para contribuír a loitar contra esta problemática estrutural.

Ademais, no marco de colaboración interinstitucional entre o Goberno galego e os concellos de Galicia, no ano 2017 asinouose o Protocolo de Colaboración para o impulso da Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero e para promover a constitución e activación das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

Así pois, tendo en conta que a colaboración interinstitucional é unha peza clave para traballar con éxito na prevención da violencia de xénero, no tratamento das súa vítimas e na súa erradicación completa, e entendendo os desafíos que a nosa Comunidade aínda ten por diante nesta loita.

Polo exposto, o Pleno do Concello de MUROS acorda :

1. Comprometerse a elaborar un estudo xurídico sobre as reformas que deberán implantarse, no ámbito das ordenanzas municipais, para que teñan perspectiva de xénero e así evitar discriminacións cara as mulleres nas políticas públicas locais e nos orzamentos.
2. Impulsar e apoiar a creación e continuidade de asociacións de mulleres como espazo de participación e empoderamento feminino e apoio a outras mulleres en risco de vulnerabilidade ou violencia de xénero.
3. Instar ao Goberno central ao cumprimento efectivo do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, impulsando as modificacións legislativas pendentes a adoptando as medidas recollidas neste Pacto en materia de prevención, detección e atención integral.
4. Impulsar a formación do persoal municipal no ámbito da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, así como o fomento ou creación das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia.
5. Implicarse en campañas publicitarias contra a violencia de xénero, así como a elaboración de materiais que incidan na necesidade de establecer puntos seguros e de información sobre a violencia sexual en espazos públicos. Así mesmo, fomentar o establecemento de vixilancia por parte da Policía Local, en colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado, nos denominados puntos negros, tales como aparcadoiros, canellóns ou pasadizos.

E instar á Xunta de Galicia a:

- Colaborar permanentemente cos concellos, así como seguir fomentando a Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, en colaboración coa Fegamp, en materia de formación, prevención e sensibilización, así como o apoio técnico necesario aos concellos no ámbito da loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres.
- Incrementar a achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM e reforzar o seu financiamento.





CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno central a que se dote a tódalas institucións públicas de medios e financiamento para desenvolver convintemente a LO 1/2004 do 28/12 de violencia de xénero.

A señora alcaldesa dá paso ás intervencións.

A Sra. González sinala que todo o que se faga contra esta lacra non é suficiente.

A Sra. Lago di que a violencia machista é a lacra desta sociedade e haille que facer fronte dende todos os sectores.

A Sra. Sambade di que é repetirse un pouco e que é moi bonito facer unha declaración institucional e que si hai grupos que gobernan con persoas que manifestan o seu machismo e que non feitos é onde se ten que ver máis ca nas palabras.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), dos concelleiros non adscritos (2) e do grupo municipal do BNG (2), aproba por unanimidade a seguinte declaración institucional:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia contra as mulleres e as nenas é unha das violacións máis xeneralizadas dos dereitos humanos no mundo, tal e como recoñece a ONU. É máis, esta organización internacional sinala que a violencia de xénero prodúcese cada día en todos os recunchos do planeta e ten graves consecuencias físicas, psicolóxicas e económicas sobre as mulleres e as nenas, tanto a curto como a longo prazo, ao impedirles participar plenamente e en pé de igualdade na sociedade.

En consecuencia, a súa loita debe ser integral e contar co conxunto da sociedade, especialmente, cos poderes públicos e administracións, sexan estas internacionais, nacionais, autonómicas e, por suposto, locais.

Neste sentido, Galicia é pioneira na promoción de políticas públicas e no impulso de instrumentos legais dirixidos a eliminar as distintas formas de discriminación por razóns de xénero, avanzar na supresión dos atrancos que impiden o pleno desenvolvemento das mulleres nas distintas esferas e combater as diferentes expresións e as novas formas que adopta a violencia de xénero.

Así, a nosa Comunidade Autónoma conta con instrumentos legislativos como a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, que, nos últimos tempos, está a avanzar no recoñecemento doutro tipo de violencias, como é a violencia vicaria e a violencia dixital, a que se sumará proximamente o recoñecemento expreso da explotación sexual como violencia de xénero, tal e como recolle o proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña aos orzamentos da Xunta de Galicia para 2023.

Ademais de leis, tamén se puxeron en marcha diferentes medidas e iniciativas, como o Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, que este 2022 vai pola súa oitava edición, ou o primeiro Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, aprobado o pasado mes de agosto e dirixido a proporcionar un marco de actuación que recolle de forma coordinada e global as liñas de intervención e directrices que deben orientar a actividade da Administración autonómica, dentro do seu marco competencial, para dar resposta ás situacións de trata con fins de explotación sexual.

Sen embargo, a pesar deste marco autonómico, non debemos esquecer que as entidades locais, como os concellos, son axentes de primeira liña na loita contra a violencia de xénero. Son en moitos casos axentes clave para identificar, atender e acompañar ás vítimas, derivándoas aos recursos especializados á súa disposición; así como de detectar e poñer en coñecemento das Forzas e Corpos de Seguridade estes casos de violencia de xénero para facer fronte ao agresor.





CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Por ese motivo, as Entidades Locais galegas desenvolven desde hai anos numerosas accións contra a violencia de xénero e veñen impulsando, con carácter permanente e de proximidade, distintas actuacións para contribuír a loitar contra esta problemática estrutural.

Ademais, no marco de colaboración interinstitucional entre o Goberno galego e os concellos de Galicia, no ano 2017 asinouose o Protocolo de Colaboración para o impulso da Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero e para promover a constitución e activación das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

Así pois, tendo en conta que a colaboración interinstitucional é unha peza clave para traballar con éxito na prevención da violencia de xénero, no tratamento das súa vítimas e na súa erradicación completa, e entendendo os desafíos que a nosa Comunidade aínda ten por diante nesta loita.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de MUROS acorda :

1. Comprometerse a elaborar un estudo xurídico sobre as reformas que deberán implantarse, no ámbito das ordenanzas municipais, para que teñan perspectiva de xénero e así evitar discriminacións cara as mulleres nas políticas públicas locais e nos orzamentos.
2. Impulsar e apoiar a creación e continuidade de asociacións de mulleres como espazo de participación e empoderamento feminino e apoio a outras mulleres en risco de vulnerabilidade ou violencia de xénero.
3. Instar ao Goberno central ao cumprimento efectivo do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, impulsando as modificacións lexislativas pendentes a adoptando as medidas recollidas neste Pacto en materia de prevención, detección e atención integral.
4. Impulsar a formación do persoal municipal no ámbito da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, así como o fomento ou creación das Mesas Locais de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia.
5. Implicarse en campañas publicitarias contra a violencia de xénero, así como a elaboración de materiais que incidan na necesidade de establecer puntos seguros e de información sobre a violencia sexual en espazos públicos. Así mesmo, fomentar o establecemento de vixilancia por parte da Policía Local, en colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado, nos denominados puntos negros, tales como aparcadoiros, canellóns ou pasadizos.

E instar á Xunta de Galicia a:

- Colaborar permanentemente cos concellos, así como seguir fomentando a Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, en colaboración coa Fegamp, en materia de formación, prevención e sensibilización, así como o apoio técnico necesario aos concellos no ámbito da loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres.
- Incrementar a achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM e reforzar o seu financiamento.
- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno central a que se dote a tódalas institucións públicas de medios e financiamento para desenvolver convintemente a LO 1/2004 do 28/12 de violencia de xénero.





CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Cuarto. Moción presentada polo grupo municipal popular con motivo da derogación do delito de sedición

A señora alcaldesa sinala que a proposta vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e procede a súa lectura:

“O Grupo Popular Municipal no concello de Muros, de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

O pasado 10 de novembro o Presidente do Goberno confirmou que vai presentar unha iniciativa legislativa para derrogar o delito de sedición, o anuncio vai seguido doutro no que se indica que se vai reformar o delito de malversación, en ambos os dous casos, para adaptalos ás necesidades e demandas de condenados e/ou fugados da xustiza.

Resulta inconcibible que o Goberno de España permita que sexan uns condenados por sentenza os que fixen as penas dos delitos que cometeron, atacando a independencia xudicial para favorecer a aqueles que quixeron atentar contra o Estado e a Constitución.

Os concellos, como parte que somos das institucións, podemos e debemos pronunciarnos a este respecto, manifestando o noso rexeitamento a calquera acción que atente contra o principio de que todos somos iguais ante a lei, e que nun Estado de Dereito non caben as modificacións do Código Penal "á carta", para beneficiar aos socios políticos do partido gobernante.

Polo exposto, instamos ao Presidente e ao Goberno de España

A retirar a iniciativa parlamentaria presentada e non levar a cabo ningunha modificación do Código Penal que supoña derrogar o delito de sedición.

Notificar dito acordo á Delegación do Goberno.”

A señora alcaldesa explica a moción e dá paso ás intervencións.

A Sra. González di que lles parece un insulto que se lles pase esta moción co que pon nela pondo palabras que o presidente do goberno non di e sinala que se modifican a moción si van entrar no debate senón non. E sinala que o código penal se ten que modernizar e actualizar e non é primeira vez x que se modificou no ano 2015. E en relación do delito de sedición xa foi aprobado polo Partido Popular.

A Sra. Lago di que o delito de sedición se utiliza para persecucións políticas e é lexitimo levar esta proposta e di que son partidarias da derogación deste delito e quen ten que debatelo é o parlamento e sorpréndelles que o traian a un pleno municipal cando si hai temas que si lle afectan á nosa veciñanza.

A Sra. Sambade non lle parece útil esta moción polo que non a vai apoiar.

A señora alcaldesa di que dende o goberno quere branquear estas situacións polo que instar a este goberno municipal a que se posicione.

A Sra. González di que se vai modificar ese delito, non eliminar.

A Sra. Lago di que din que somos todos e todas iguais ante a lei, e non é verdade, pois dezanove veces votouse en contra de investigar ao rei emérito.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4) e cos votos en contra do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal do BNG (2) e da concelleira non





CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

adscrita, Sra. Sambade Lloréns (1) e coa abstención do concelleiro non adscrito, Sr. Quintela Fernández (1), non aproba a moción.

B. Mocións de urxencia

Quinto. Moción presentada polo grupo municipal popular sobre a cobertura das vacantes do Distrito Marítimo de Muros

A Sra. Alcaldesa presenta a seguinte moción para o seu estudo

“Estes días recibimos a noticia da próxima xubilación do xefe do Distrito Marítimo en Muros, que foi precedida da xubilación doutro traballador da mesma oficina, sen que polo momento estea prevista a súa dotación con outro persoal.

As oficinas de Capitanía e Distritos Marítimos teñen entre as súas funcións a ordenación da navegación e seguridade marítima, a prevención e loita contra a contaminación do medio mariño, e asuntos xerais de carácter xurídico e administrativo, particularmente a de Muros conta coa confianza e satisfacción dos seus usuarios, patróns, armadores, mariñeiros e usuarios do porto deportivo, que destacan ó bo servizo e asesoramento que se presta, que vai desde o rexistro de embarcacións, despacho de buques, enrolamento de tripulantes, informes de seguridade sobre actividades náuticas, expedición e renovación de títulos profesionais e de recreo, ata as autorizacións de fondeo.

Na práctica esta situación supón que na oficina do Distrito Marítimo vai quedar un único administrativo, que non atenderá ningunha solicitude máis que as follas de asento, tendo que ser dirixidos o resto de expedientes a outros destinos. As oficinas de Corcubión e Noia, que son as máis próximas, teñen tamén sen cubrir as vacantes, o que vai dificultar atender as xestións que dende aquí se lle podan derivar. Os problemas que isto pode supor para armadores, mariñeiros, patróns, embarcacións de recreo e outros son evidentes e suporán unha diminución importante nos servizos que se prestan no noso concello.

En base a todo anterior, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Solicitar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a cobertura inmediata das vacantes producidas e que se van producir na oficina de Distrito Marítimo de Muros.*
- 2.- Comunicar este acordo ao Ministerio, á Delegación do Goberno en Galicia, e á consellería do Mar da Xunta de Galicia.”*

Xustifica a urxencia pola xubilación do xefe do distrito marítimo da Capitanía de Muros e non se ten previsto cubrir esta praza e dá paso a votación desta.

A Sra. González sinala que non ve a urxencia neste tema xa que supón que será unha praza que non ha de quedar sen cubrir e a alcaldesa non ve a urxencia da cobertura das prazas dos sanitarios.

A Sra. Lago di que van apoiar a moción pola eliminación dos recursos no concello.

A señora alcaldesa di que todas as vacantes das Capitanías están quedando sen cubrir e que é importante seguir contando con este servizo e é un tema importante para Muros que é un porto mariñeiro.

Sometida a aprobación da urxencia da moción, e cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (2) e dos concelleiros non adscritos (2) e coa abstención do grupo municipal socialista (4), queda aprobada a urxencia da moción, a cal procede ao seu debate

A Sra. González considera que este tema se podía traer no próximo pleno e non se sabe si non se vai a cubrir a praza ou non, pero claro que quere que se cubra a praza e que non quede Muros sen servizos como





CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

pasou co rexistro da propiedade e supón que a praza non vai a quedar vacante, e si é así, non ten sentido que un porto como é o de Muros quede sen capitanía

A Sra. Iago vai apoiar e considera que non estaría de máis engadir a moción o problema que hai co médico do ISM

A Sra. Alcadesa di que o ISM é un organismo que non depende do Ministerio de Transporte e todas as vacantes que están quedando nas capitánías non se están a cubrir

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal do BNG (2) e dos concelleiros non adscritos (2), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Solicitar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a cobertura inmediata das vacantes producidas e que se van producir na oficina de Distrito Marítimo de Muros.

SEGUNDO. Comunicar este acordo ao Ministerio, á Delegación do Goberno en Galicia, e á Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

Sexto. Moción presentada polo grupo municipal do PSOE sobre a problemática vivida polas traballadoras do consorcio galego de servizos de igualdade e benestar.

A Sra. González presenta a seguinte moción para o seu estudo

"MOCION SOBRE A PROBLEMÁTICA VIVIDA POLAS TRABALLADORAS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR"

O grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de MUROS formula para o seu debate e aprobación, a seguinte Moción.

EXPOSICION DE MOTIVOS

A finais do pasado ano publicase a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas vixentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Coa finalidade de minimizar a temporalidade nas Administracións Públicas, a dita Lei contempla dous supostos:

- **Un proceso de estabilización** para as prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas ininterrompidamente a lo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020 (art.2), cun sistema de selección de **concurso-oposición**.
- **Un proceso de estabilización extraordinario** de emprego temporal de longa duración para aquelas prazas de carácter estrutural que estiveran ocupadas de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, cun sistema de selección de **concurso**.

Todas as Administracións deben, para ambos casos, ter publicadas as convocatorias dos procesos de estabilización antes do 31 de decembro de 2022, motivo que xustifica a urxencia desta moción.

Así, a practica totalidade das Administracións están traballando en criterios que valoren prioritariamente, nas fases de concurso, a experiencia das persoas concursantes nas propias prazas

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



Cod. Validación: 6LAPJGEFFFLGWLASGWYQ4LLA | Corrección: <https://muros.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 13



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

das administracións que son obxecto da convocatoria. E dicir, nos criterios para estabilizar o posto de traballo dunha auxiliar administrativa deste concello, se valorara mais a experiencia dunha auxiliar administrativa que leve ocupando a praza neste concello, que a experiencia doutra auxiliar administrativa doutro concello ou, por suposto, doutra administración diferente a local. Non facelo así, non só sería desvirtuar o sentido da Lei, senón que sería un prexuízo para a propia Administración, que non obtería profesionais con experiencia contrastada para o desenvolvemento do traballo específico nas prazas convocadas.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo os seus Estatutos, e unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo, con **personalidade xurídica propia e diferenciada da dos entes consorciados**, do cal forman parte a **Xunta de Galicia e os concellos galegos**, que concorreron inicialmente a súa formación, subscribindo o convenio do 6 de xullo de 2006, así coma todos aqueles incorporados con posterioridade, a través dos correspondentes convenios, segundo o previsto no artigo 33 dos seus estatutos. Na actualidade esta integrado por **285 concellos e 5 mancomunidades** (DOG do 1 de decembro de 2020). Por tanto, o Consorcio Galego, non é a Xunta de Galicia, e as súas traballadoras, non son traballadoras da Xunta de Galicia.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar converteuse nunha das Administracións con maior taxa de temporalidade, pasando do 90 %; unha temporalidade que afecta indiscutiblemente a mulleres, xa que, mais do 95% das mais de 2000 persoas que traballan nel, son mulleres.

Estas profesionais atenden a unha media anual de case 20.000 persoas e familias usuarias nos seus distintos servizos: Escolas Infantís, Centros de Día, Centros Residenciais, Vivendas Comunitarias, Oficinas de Igualdade e Benestar ou o Servizo de Xantar na casa.

A Xunta ten iniciado o proceso de elaboración de criterios para a baremación de méritos das prazas do Consorcio que saen a proceso de estabilización e que afectan a mais de 1300 profesionais.

Nos borradores que se coñecen, **non valoran prioritariamente a experiencia das profesionais no Consorcio para seguir ocupando a dita praza**, senón que igualan a baremación desta experiencia das profesionais do Consorcio, con profesionais doutras Administracións diferentes, como e a Xunta de Galicia, e que nunca traballaron no Consorcio. Analogamente, sería como si para estabilizar unha praza deste concello, se valorase o mesmo a experiencia no posto deste concello. que a experiencia dun posto na Deputación.

Si os criterios non mudan, para unha praza de psicóloga dunha residencia de maiores do Consorcio, se puntúa igual a unha profesional que leva ocupando esa praza 15 anos. que a outra Psicóloga da Xunta de Galicia, que leva 15 anos traballando no ámbito da prevención das drogodependencias. Para unha praza de mestra nunha escola infantil do Consorcio, que atende a nenos de 0 a 3 anos, se valoraría igual a unha mestra que leva 15 anos ocupando este posto, que a outra mestra que ten 15 anos de experiencia na Xunta de Galicia educando a nenos e nenas de 5 e 6 anos, pero que ten 0 experiencia con bebés.

Estas profesionais do Consorcio son as mesmas as que, dende a Xunta, se lles daban medallas de recoñecemento profesional polo seu traballo en primeira fila, no peor da pandemia, nas residencias de maiores, e pola súa atención e profesionalidade nas residencias integradas onde se coidaba e atendía a todas as persoas maiores con COVID.

Estas profesionais están na actualidade nunha folga que se estende durante os primeiros quince días de mes; entre setembro e decembro. Unha folga a que se ven obrigadas para conseguir que na fase de concurso se lles valore con prioridade a súa experiencia e bagaxe profesional, mais que demostrada neste últimos quince anos.

Non facelo, ademais de constituír unha anomalía no cumprimento do espírito da lei 20/2021 de resarcir o dano causado polo abuso de temporalidade nas Administracións, conlevaría o desmantelamento dos equipos profesionais dos centros atendidos, dada a altísima





CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

temporalidade das traballadoras do Consorcio, e un dano económico para a propia Administración en indemnizacións que pagamos todos.

Por estes motivos, o grupo municipal do PSdG-POSE, solicita do pleno da corporación Municipal do Concello de Muros a adopción dos seguintes acordos:

- *Instar a Xunta de Galicia a que cumpra a lei e negocie de boa fe co Comité de Folga, intentando chegar a acordos sobre os motivos da mesma.*
- *Instar a Xunta de Galicia a que nos criterios de baremación de méritos no proceso de estabilización e de estabilización extraordinaria referidos, se puntúe prioritariamente a experiencia das profesionais nos postos de traballo específicos desenvoltos no Consorcio Galego.*
- *Trasladar estes acordos ao Presidente da Xunta de Galicia instando a que actúe en consecuencia e resolva esta grave problema con carácter inmediato.”*

(faise un receso de 5 minutos para estudar esta moción)

A señora alcaldesa dá paso á intervención da Sra. González para que explique a urxencia da moción.

A Sra. González xustifica a urxencia queda xustificada na exposición de motivos porque o proceso de estabilización extraordinario destas prazas teñen que estar acordados antes do 31 de decembro de 2022

A Sra. Lago di que entenden a urxencia pero que lles falta argumentarios para poder entender a moción.

A Sra. Sambade di que lle parece urxente o que pon na exposición de motivos.

A señora alcaldesa di que non lle parece urxente xa que o proceso está iniciado e está nas mesas de negociación polo que non van votar a favor da urxencia.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal socialista (4) e dos concelleiros non adscritos (2), coa abstención do grupo municipal do BNG (2) e do grupo municipal do partido popular (4), queda rexeitada a urxencia da moción.

C. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Sétimo. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 1131/2022 do 3 de outubro de 2022 ata o núm. 1214/2022 do 31 de outubro de 2022, das XGL núm. 23 do 14 de outubro de 2022 e da núm. 24 do 21 de outubro de 2022 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

Oitavo. Rogos e preguntas

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal PSOE:

A Sra. González pregunta por un movemento de contas entre contas do Concello, e a señora alcaldesa di que son recibos da piscina, de cultura, etc.

A Sra. González di que hai un vertido en Valdexería e roga que se arranxe.

A Sra. González rogan que se limpen as rúas que están verdes.

A Sra. González pregunta pola reunión coa veciñanza para a peatonalización da zona vella.





CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

A Sra. González pregunta polo tema de Espina e pregunta se houbo algunha reunión da Mancomunidade de Augas, e a señora alcaldesa di que si houbo algunha reunión pero nada formal.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal BNG:

A Sra. Lago pregunta polo saneamento na zona de Valdexería que hai inundacións, vertidos de fecais, derivadas dunhas obras deficientes de que está conectado as pluviais coas fecais, e a señora alcaldesa di que non están conectados e pasa cando se satura o sistema de bombeo por caer moitísima auga e que é algo progresivo pois vanse solucionando fases e indica que si hai unha deficiencia que se está solucionando na obra de San Ramón e non son solucións rápidas e a Sra. Lago roga que se solucione.

A Sra. Lago pregunta polo terreo ao lado do colexio de Tal, e señora alcaldesa responde que non se avanzou nada.

A Sra. Lago pregunta cantos litixios laborais ten aberto o Concello, e a señora alcaldesa di que no seguinte ten unha reunión co avogado e di que moitos xa están pechados.

A Sra. Lago pregunta que previsión de custo supoñen estas demandas, e a señora alcaldesa responde que non o sabe que si levan pagado bastante diñeiro.

A Sra. Lago roga que se limpen os ríos sobre todo o río Rateiro e a señora alcaldesa contesta que solicitan moitas veces permisos a Augas que só permite cando son casos de urxencias.

A Sra. Lago roga que se poña un espello en Portugalete.

A Sra. Martínez pregunta se está saturada a brigada de Obras porque fai un mes que se pediu que se arranxaran dous farois pero aínda non se fixo, e señora alcaldesa contesta que hai tres electricistas, dous de baixa e un traballando.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Sambade:

A Sra. Sambade pregunta se habería opción de colocar unha marquesiña xunta o colexio de Valdexería, e a señora alcaldesa di que hai un tema de permisos.

A Sra. Sambade roga que se poña papeleiras na vila.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e unha hora e cincuenta e cinco minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

O secretario accidental

Documento asinado electronicamente.

